

# Unha visita inesperada

Aínda facía calor, pero o verán xa estaba chegando ao seu fin. Na casa a miña nai xa empezaba a latexar.

-Tes que empezar a afiar os picos!

Que teima! Sempre coa mesma cantinela, eu non ía a afiar nada, non vou para afiador, eu son un rapaz, un pobre rapaz que este ano comeza 4º de Primaria.

Meu Deus! Que pouquiñas ganas teño de ir ao colexio, voltar a estudar, a traballar, estar todo día escoitando bla, bla, bla..., bla, bla, bla....

Co ben que o pasei no verán....! Cada día despois de facer as tarefas que os meus pais me dicían, eu ía á casa de en fronte a buscar a Pepe, o meu amigo. El acompañábame a buscar aos demais rapaces cos que xogabamos.

Sempre estabamos a xogar nas rúas ás bolas, aínda recordo o día en que poidemos ver como dun coche deses últimos modelos baixaban varios homes traxeados e un destacaba pola súa garabata. Ese debía ser o xefe! Pero todos nos estrañamos moito, xa que pensabamos:

- Que farán eses homes aquí?
- Claro, supoño que todos estades a pensar o mesmo ca nós.

Que teima ten a xente de facer que as cousas sexan máis complexas do que son en realidade. Pois claro que non eran gansters, que ían facer uns gansters no noso pobo.

Pero tranquilos, non fóstedes os únicos en pensar iso. Pero iso sería outra historia, volvamos de novo á nosa.

***MEU DEUS O COLEXIO ESTÁ A PIQUES DE EMPEZAR***, e eu non teño ganas de ir.

Bueno o único bo e que estarei con Pepe na clase. Pepe é un rapaz único no mundo que vive cos seus avós, Antón e Xoana, nunha casiña de pedra que ten forma de muíño de vento. Pepe ten moita imaxinación e ao seu carón nunca te aburrirás. Cada minuto de día ten unha nova aventura que contar. Na escola xa lle chaman o “Novo Quixote”.

O mes de agosto rematou e co mes de setembro empezou o colexio. O primeiro día da clase non estivo nada mal, pensei que podería ser peor. Voltei a ver aos meus amigos, coñecín algún rapaz novo e na clase non fixemos nada. A profesora preguntounos polo que fixeramos no verán, a onde fóramos, con quen, si estivéramos cos nosos pais, os nosos avós, a verdade e que non sei porque tiña tanta curiosidade polas nosas vidas. Bueno, espero que iso pase só o primeiro día. A min non me gusta nada falar en público.

Foron pasando os días e non vos vou dicir que me encantase estar na escola, pero pouco a pouco fómonos habituando. O mellor de todo eran os períodos de lecer cando brincaba cos meus amigos!

O que peor levaba era iso de ter que ler libros. Que teima tiña a nosa profesora, ela dicía que había que ler máis *para deter o tempo, para saber que non estamos sós*. Menudas parvadas dicía esa mestra. Eu para todo iso só necesitaba un balón. Pera ela veña a repartir libros na clase.

Menos mal que a min mos lía Pepe. Pepe era o meu mellor amigo, pero en cuestión de gustos era un pouco rariño, era o único rapaz que nunca se cansaba de ler, devoraba libros como eu galletas.

Na clase o resto dos meus compañeiros eran normales, os libros só velos por fóra, eu creo que todos menos Pepe tiñamos a mesma doenza "Alerxia aos libros". Que se lle vai facer? Uns son alérxicos ao pó, ao polen e outros coma nós aos libros de lectura.

A nosa vida transcurriu normal ata que un día aconteceu algo moi raro, estabamos todos os rapaces no recreo cando de súpeto unha brisa envolveunos a todos durante uns minutos. Nun principio non nos demos conta do que estaba a acontecer e nin sequera lle demos importancia. Que errados estabamos, aquilo comezaría a cambiar as nosas vidas, aínda que non nos decatariamos ata pasado moito tempo.



Ao día seguinte no recreo volveu a acontecer o mesmo, a brisa voltou a envolver aos rapaces de cuarto, sen que eles se derán conta. Cando subimos á clase Manoliño, un dos nosos mellores dianteiros de fútbol empezou a sentirse raro, sentía algo raro no corpo que non sabía o que era. A profesora díxolle que seguramente lle collese o frío, e que baixase a tomar unha macela. Fixo o que lle indicaron pero seguía sentíndose igual. Nós estabamos preocupados, xa que ao día seguinte tiñamos competición deportiva, e pola tarde adestramento.

Manoliño non apareceu no adestramento nin ao día seguinte no partido. Nós pensabamos , debe estar malísimo, pero a nosa sorpresa foi cando pola tarde chegou fresco como unha leituga e cun par de libros de lectura debaixo do brazo.

-Pero ti que fas? Preguntámoslle todos abraiados.

-Pasouche algo?

-Non, simplemente púxenme a ler e perdín a noción do tempo.

-Miña nai! Todos quedamos pálidos. Que lle estaba a pasar a este rapaz?

Eu creo que ata agora nin sequera fora capaz de ler a Carapuchiña vermella enteira.

A vida no colexio continuou e nos días seguintes a brisa voltou a visitarnos. E de novo sucedeu o mesmo, só que esta vez era unha rapaza. A historia repetíase, Carme estaba como enfeitizada e non paraba de ler en todo o día.

O mesmo lle pasou a Sara, a Xoán , a Tereixa. Lían todo o día, calquera minuto que tiñan libre. A brisa afectoulles a todos menos a Pepe que xa lía por vocación.

Aquela mesma tarde pasou por diante do colexio un coche negro cun letreiro que dicía “**LEOTODO**”; nós quedamos mirando para el, e de súpeto decatámonos de que no seu interior ían aqueles homes de negro que víramos no verán. E casualidades da vida, aqueles homes abriron no pobo unha librería dous días máis tarde que levaba o nome de “**LEOTODO**”.

Pepe acudiu rapidamente a librería, xa que quería mercar un libro novo. Díxome que elexira un de Gerónimo Stilton e casualidades da vida, era o mesmo libro que lían os atrapados pola brisa.


Despois de moito pensar decatámonos que a brisa tiñana que provocar eses homes de negro. Pero.... Como o farían?

Por outra banda os pais comezaban a estar preocupados polos seus fillos. Non saían a xogar, non vían a tele e isto empezáballes a preocupar, pensaban que podían sufrir algunha doenza grave. Así que un tras outro foron desfilando polo pediatra. Este fíxolles análises, miroulles a gorxa, os oídos e fíxolles probas de alerxia, pero nada todo estaba perfecto, así que voltaron ao colexio. A profesora estaba encantada, na súa vida profesional nunca vira uns rapaces tan encantados coa lectura. Estas ansias polos libros espalláronse tan rápido que en poucos días todos estabamos afectados, ata eu mesmo sentía unha cousa tan rara, comecei a dar-me conta de que lendo

*podía coñecer outros mundos, podía aprender a pensar, a deter o tempo, a crear un mundo propio, a rir, a chorar, a ser o que non son e sobre todo ¡a soñar!* Sentíame raro pero todos eses sentimentos empezábanme a gustar moitísimo. O principio pensei que só me estaba a pasar a min e non me atrevín a comentarullo aos meus amigos. No entanto a eles pasáballe exactamente o mesmo, dinme conta cando un día no patio oín como unhas rapazas da clase dicían que a *lectura, abría a súa imaxinación, que non era unha obriga senón unha felicidade e que cos libros o pasaban moi ben.*

Entón atrevínme a comentarullo aos meus amigos, empecei como que non quere a cousa, ¡xa sabedes! Para tantealos. E.....¡miña nai! Que sorpresa levei, eles tamén pensaban e sentían o mesmo. Nunca na miña vida esqueceré ese momento. Estabamos todos no recreo e a noticia foi pasando duns a outros, e de súpeto sucedeu..... a brisa voltou a envolvernos e como por arte de maxia foi aparecendo no patio un verme de moitas cores, cun gran sorriso que nos dicía:

-Ola, son “*LEOTODO*” o “*GUSANILLO DA LECTURA*”.



Nós non podíamos crer o que víamos.

Aquel ser era marabilloso, parecía que o sacáramos dunha fermosa historia imaxinaria, era longo, moi longo, cunhas antenas e un sorriso que te enfeitizaban.

-Que queres de nós? Preguntámoslle.

-Nada, contestou el, só desexaba coñecervos.

Eu son un ser imaxinario, -murmurou-e cando un grupo de rapaces lle atopan o verdadeiro sentido á lectura eu recobro a vida.

Contounos como aqueles homes de negro, lembrades esos que todos pensáchedes que eran gansters que logo abriran a librería LEOTODO. Pois eses homes posuían unha poción máxica que ían repartindo en forma de brisa por todos os colexios. Pero que só naqueles sitios onde os rapaces e rapazas gozaban verdadeiramente cos libros, el aparecía para coñecelos, e nós , fomos uns dos elexidos. Estabamos realmente contentos.

Díxonos tamén que xa se tiña que ir, que xa o estaban chamando doutro colexio. Deunos un montón de consellos e a mesma forma que empregou para aparecer, usouna tamén para marchar.

A brisa voltou e LEOTODO desapareceu, pero non había tristura nas nosas caras, senón felicidade.

Andade con coidado, pois xa sabedes cando unha brisa chegue ao voso colexio pode ser o **“GUSANILLO DA LECTURA”** que quere visitarvos e quedar para sempre nos vosos corazóns.

**Cuarto de Ed. Primaria**